

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 18 de xaneiro de 2024 pola que se modifica o anexo II da Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería.

Mediante a Orde do 20 de novembro de 2019 deuse publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería (DOG núm. 235, do 11 de decembro de 2019).

A citada orde foi modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2022 (DOG núm. 35, do 21 de febreiro de 2022), Orde do 8 de xuño de 2022 (DOG núm. 119, do 22 de xuño), Orde do 19 de agosto de 2022 (DOG núm. 164, do 30 de agosto), Orde do 20 de decembro de 2022 (DOG núm. 5, do 9 de xaneiro) e, finalmente, pola Orde do 2 de outubro de 2023 (DOG núm. 195, do 13 de outubro).

En fase de execución da Sentenza núm. 133/2023, da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e logo de analizar esta consellería a formación da titulación de Licenciatura de Ciencias Ambientais no que se refire ás especialidades do corpo de profesores de ensino secundario 590007: Física e Química e na especialidade 590019: Tecnoloxía, resolveu incluíla nas ditas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario.

A presente orde axústase aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. No que se refire aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria para adaptar a normativa reguladora das listas de persoas aspirantes a desem-



peñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións á nova ordenación dos corpos docentes que se establece na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa necesaria determinación das titulacións que, en cada caso, permiten determinar que as persoas posúen os coñecementos necesarios para impartir os contidos propios de cada especialidade docente. De conformidade co principio de proporcionalidade, contén o desenvolvemento normativo imprescindible para cumprir coa finalidade sinalada e non existe ningunha alternativa reguladora menos restritiva de dereitos. Conforme o principio de seguridade xurídica, resulta coherente co ordenamento xurídico e cumpre tamén co principio de transparencia, xa que identifica claramente o seu propósito. Así mesmo, respéctanse os principios de eficiencia e simplicidade ao permitir unha xestión máis eficiente dos recursos públicos, e non prevé cargas administrativas para as persoas destinatarias.

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

ACORDA:

Artigo único. Modificación do anexo II da Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería

Apróbase a modificación da Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería, nos seguintes termos:

Primeiro. Modificar o anexo II da Orde do 20 de novembro de 2019 (DOG núm. 235, do 11 de decembro de 2019) pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería, no que se refire á especialidade 590007: Física e Quí-



mica, epígrafe relativa ás licenciaturas, e na especialidade 590019: Tecnoloxía, epígrafe relativa ás licenciaturas e graos, que quedan redactados como segue:

590007: Física e Química.

590007-Física e química	Titulacións:	Enxeñaría:	Aeronáutica
			Agrónoma
			Camións, canles e portos
			Industrial
			Minas
			Montes
			Naval e oceánica
			Química
			Telecomunicación
			Xeolóxica
		Licenciatura:	Bioquímica
			Biotecnoloxía
			Ciencias ambientais
			Farmacía
			Física
		Grao en:	Química
			Arquitectura naval
			Arquitectura naval e enxeñaría de sistemas mariños
			Arquitectura naval e enxeñaría marítima
			Bioquímica
			Bioquímica e bioloxía molecular
			Bioquímica e ciencias biomédicas
			Biotecnoloxía
			Ciencias agrarias e bioeconomía
			Ciencias ambientais
			Ciencias e tecnoloxías de telecomunicación
			Ciencias experimentais
			Deseño industrial e desenvolvemento de produtos
			Enxeñaría aeroespacial
			Enxeñaría agrícola
Enxeñaría agrícola e do medio rural			



			Enxeñaría agroalimentaria
			Enxeñaría agrónoma
			Enxeñaría civil
			Enxeñaría da enerxía
			Enxeñaría da enerxía e sustentabilidade
			Enxeñaría da tecnoloxía de minas e enerxía
			Enxeñaría da tecnoloxía mineira
			Enxeñaría de deseño industrial
			Enxeñaría de ecotecnoloxías en procesos industriais
			Enxeñaría de electrónica e automática industrial
			Enxeñaría de electrónica industrial
			Enxeñaría de electrónica industrial e automática
			Enxeñaría de enerxía e ambiente
			Enxeñaría de enerxías renovables
			Enxeñaría de materiais
			Enxeñaría de procesos químicos industriais
			Enxeñaría de química industrial
			Enxeñaría de recursos enerxéticos e mineiros
			Enxeñaría de recursos mineiros e enerxéticos
			Enxeñaría de sistemas de defensa
			Enxeñaría de sistemas de telecomunicación
			Enxeñaría de sistemas de telecomunicación, son e imaxe
			Enxeñaría de sistemas e tecnoloxía naval
			Enxeñaría de sistemas industriais
			Enxeñaría de son e imaxe en telecomunicación
			Enxeñaría de tecnoloxía de minas e enerxía
			Enxeñaría de tecnoloxía naval
			Enxeñaría de tecnoloxías de camiños
			Enxeñaría de tecnoloxías e servizos de telecomunicación
			Enxeñaría de tecnoloxías específicas de telecomunicación
			Enxeñaría de tecnoloxías industriais
			Enxeñaría de tecnoloxías mineiras
			Enxeñaría dos recursos enerxéticos

CVE-DOG: 3ibbvyn1-scv4-vkt1-xy41-ut17ih6thso9



			Enxeñaría dos recursos mineiros
			Enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos
			Enxeñaría eléctrica (rama industrial)
			Enxeñaría electrónica de telecomunicación
			Enxeñaría electrónica e automática (rama industrial)
			Enxeñaría en enerxías renovables e eficiencia enerxética
			Enxeñaría en recursos enerxéticos e mineiros
			Enxeñaría en tecnoloxía industrial
			Enxeñaría en tecnoloxía mineira
			Enxeñaría en tecnoloxías industriais
			Enxeñaría física
			Enxeñaría forestal
			Enxeñaría forestal e do medio natural
			Enxeñaría forestal: industrias forestais
			Enxeñaría mecánica (rama industrial)
			Enxeñaría mineira
			Enxeñaría mineira e enerxética
			Enxeñaría naval e oceánica
			Enxeñaría química
			Enxeñaría química industrial
			Enxeñaría radioelectrónica naval
			Enxeñaría tecnoloxías da comunicación
			Enxeñaría xeolóxica
			Farmacía
			Física
			Mariña
			Nanociencia e nanotecnoloxía
			Náutica e transporte marítimo
			Química
			Sistemas audiovisuais de telecomunicación
			Tecnoloxía da enxeñaría civil
			Tecnoloxías de telecomunicación

CVE-DOG: 3ibbvyn1-scv4-vkt1-xy41-ut17ih6thso9



590019-Tecnoloxía.

590019-Tecnoloxía	Titulacións:	Arquitectura:	Arquitectura
		Enxeñaría:	Enxeñarías, todos os estudos de enxeñaría superior
		Licenciatura:	Ciencias ambientais
			Ciencias (sección física)
			Ciencias do mar
			Ciencias físicas
			Física
			Informática
			Máquinas navais
			Mariña civil
			Náutica e transporte marítimo
			Química
		Radioelectrónica naval	
		Arquitectura técnica:	Arquitectura técnica
		Enxeñaría técnica:	Enxeñarías técnicas, todos os estudos de enxeñaría técnica
		Diplomatura:	Máquinas navais
			Navegación marítima
			Radioelectrónica naval
		Grao en:	Arquitectura
			Arquitectura naval
			Arquitectura naval e enxeñaría de sistemas mariños
			Arquitectura naval e enxeñaría marítima
			Arquitectura técnica
Arquitectura técnica e edificación			
Arte electrónica e dixital			
Ciencias ambientais			
Ciencia e tecnoloxía da edificación			
Ciencia e tecnoloxía de edificación			
Ciencias e tecnoloxías da edificación			
Ciencias e tecnoloxías de telecomunicación			
Creación e desenvolvemento de videoxogos			
Desenvolvemento de videoxogos			
Deseño de produtos interactivos			
Deseño e desenvolvemento de videoxogos			

CVE-DOG: 3ibbvyn1-scv4-vkt1-xy41-ut17h6thso9



			Deseño e produción de videoxogos
			Edificación
			Enxeñaría, todas as titulacións
			Estudos da arquitectura
			Estudos de arquitectura
			Estudos en arquitectura
			Física
			Fundamentos da arquitectura
			Fundamentos de arquitectura
			Fundamentos de arquitectura e Urbanismo
			Informática e servizos
			Mariña
			Nanociencia e nanotecnoloxía
			Náutica e transporte marítimo
			Química
			Tecnoloxía da enxeñaría civil
			Tecnoloxía das industrias agrarias e alimentarias
			Tecnoloxía e xestión alimentaria
			Tecnoloxías da información para a saúde
			Tecnoloxías mariñas
			Tecnoloxías para a sociedade da información

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2024

Román Rodríguez González
 Conselleiro de Cultura, Educación,
 Formación Profesional e Universidades

